



CURIOSIDADE DE OUTUBRO: OS OBXECTOS QUE USABAN OS CASTREXOS



Fragmento de tesoiras atopado no castro de Vigo.



Fragmento de serra atopado no castro de Vigo.



Folla dunha fouce atopada no castro de Vigo.

Por veces tendemos a menosprezar as sociedades pasadas, tachándoas de antigas e atrasadas.

Froito da nosa ignorancia pensamos que non é posible que nos intres finais da Prehistoria, na Segunda Idade de Ferro, en poboados semellantes ao castro de Vigo fosen usados arados, tesoiras, machados, fouces, ciceis, serras, martelos,... Ou que as mulleres e homes castrexos coidasen a súa imaxe e tivesen adornos persoais, e que diferenciáran as vaixelas segundo as funcións (consumo de alimentos, almacenaxe, para cociñar,...) Pero así é, hai 2000 anos xa estaban en uso obxectos que para nos son cotiáns. Como sempre, na caseta de acceso ao xacemento poderedes pedir información máis extensa sobre este tema.

